

Título	
Data	16 de setembro de 2020
Lugar	Online
Organizadores	Fundación Galicia Europa (FGE)
Asistentes	Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE Dirección Xeral de Enerxía e Minas e Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) Dirección Xeral de Mobilidade Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) Axencia Galega de Innovación (GAIN) Gabinete da Consellería de Economía, Empresa e Innovación e Secretaría Xeral de Emprego
Relatores	Benjamin Barets - <i>desk officer</i> para España na Dirección Xeral de Política Rexional (DG REGIO) Brieuc Posnic - <i>policy officer</i> na Dirección Xeral de Enerxía (DG ENER)

ORDE DO DÍA
Primeira reunión do ciclo de conferencias “ <i>Galicia na recuperación económica da UE</i> ” coas intervencións de dous representantes da DG REGIO e da DG ENER para tratar as implicacións da transición ecolóxica en Galicia.

RESUMO
<p>O pasado 16 de setembro de 2020 a Fundación Galicia Europa organizou a primeira reunión do Ciclo de Conferencias “<i>Galicia na recuperación económica da UE</i>” para abordar o modo en que Galicia podería investir os fondos de recuperación económica da UE.</p> <p>Con estas reunións, a FGE pretende fomentar o diálogo entre os responsables das administracións públicas galegas e os representantes das institucións europeas para impulsar unha adecuada execución destes fondos no territorio galego.</p> <p>Neste contexto, a Comisión Europea presentou o pasado maio un Plan de Recuperación para a UE fundamentado na transición verde como factor clave para a prosperidade económica europea e baseado en dous elementos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. <i>Next Generation EU</i>, un novo instrumento temporal integrado no orzamento a longo prazo da UE e canalizado principalmente a través do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, que se empregará para apoiar o investimento e as reformas nos Estados membros alí onde as necesidades derivadas do impacto da crise sexan maiores. 2. Un Marco Financeiro Plurianual reforzado para o período 2021-2027 <p>Tal e como sinala a Comisión Europea na súa Comunicación sobre o Pacto Verde Europeo [COM (2019) 640 final], a transición cara a neutralidade climática ou transición verde terá que ser en todo caso “<i>xusta e integradora</i>”, polo que o executivo comunitario propónse mitigar as súas consecuencias económicas e sociais mediante a creación do Mecanismo de Transición Xusta (MTX), que empregará recursos públicos e privados</p>

para poder mobilizar máis de 100 000 millóns de euros en investimentos durante o período 2021-2027

Neste sentido, o primeiro relator en intervir, **Benjamin Barets, da DG REGIO**, presentou os tres piares que conforman o MTX:

- Piar I: o **Fondo de Transición Xusta**, que outorga apoio ás rexións que teñen máis dificultades para facer fronte á transición verde, sufragando os seus custos sociais e económicos. Os proxectos susceptibles de financiamento serán: i) Compatibles coa transición e as enerxías limpas (eficiencia enerxética, renovables); ii) Coherentes coas estratexias nacionais, rexionais e locais (v.g. Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima); iii) Capaces de crear novas actividades e empregos (v.g. peche dunha mina e instalación de renovables no seu lugar. Podería ser financiado un proxecto que impulsase a conversión dos mineiros en técnicos de tales renovables)
- Piar II: un **régime de Transición Xusta no marco de InvestEU**, para atraer principalmente o investimento privado.
- Piar III: o instrumento de **préstamos ó sector público do Banco Europeo de Investimentos (BEI)**, para fomentar o investimento público.

O Fondo de Transición Xusta (FTX) conta con un orzamento de 17 500 millóns de euros, o que se verá complementado -se as negociacións entre Parlamento Europeo e Consello da UE así o conclúen- polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), o Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e o cofinanciamento nacional. O FTX, concederá subvencións ás zonas máis vulnerables para afrontar os desafíos e custos que xerará o proceso de cambio.

Así mesmo, o relator fixo especial fincapé en clarificar que **todas aquelas remodelacións de grandes infraestruturas que xeren unha rendibilidade propia no futuro non poderán ser financiadas polo Fondo de Transición Xusta**, senón que este tipo de proxectos serán financiados mediante os Piares II e III.

O acceso ó financiamento dos tres Piares garantirase mediante os Plan Territoriais de Transición Xusta, que determinarán as necesidades de desenvolvemento dos territorios afectados pola transición climática. Estes Plans, que serán entregados á Comisión Europea para a súa aprobación, están sendo elaborados polos Estados membros sobre a base do Anexo D do Informe País, publicado en febreiro no contexto do Semestre Europeo. Este recollía tanto as accións prioritarias elixibles polo FTX como as zonas que poderían resultar beneficiarias, tal e como é o caso da provincia de A Coruña, identificada como unha das áreas nas que *“parece xustifico que o Fondo de Transición Xusta concentre a súa intervención”*

Á Comisión Europea parécelle factible que os EEMM inclúan máis territorios que os sinalados no Anexo D do Informe País, sempre que exista unha xustificación sólida e fundamentada na transición verde. Galicia, conta con outros áreas que poderían ser susceptibles de formar parte destes Plans, como é a provincia de Lugo, debido ó anunciado peche da fábrica de aluminio de Alcoa.

Pola súa banda, o segundo relator, **Brieuc Posnic, da DG ENER** achegou a visión do Fondo de Transición Xusta desde a perspectiva enerxética. Así, aclarou que os ámbitos de aplicación deste fondo executáranse ao redor de:

- Reformas cara as enerxías renovables, con especial mención ao hidróxeno.
- Renovación de edificios.
- Integración de redes de enerxía.

- Proxectos de I+D+i en enerxía verde.
- Formación profesional para os traballadores do sector enerxético que se verán prexudicados pola transición ecolóxica.

O relator de DG ENER destacou que o FTX **NON financiará proxectos de enerxía nuclear nin enerxías fósiles**. Con todo, DG ENER, aclara que neste momento o Parlamento Europeo está a debater a inclusión de gas dentro deste fondo, en contraposición coa rotunda negativa da Comisión Europea.

Por último, o relator tamén informou dunha serie de iniciativas que beneficiarían a Galicia en materia de transición ecolóxica.

En primeiro lugar, referiuse a [Plataforma de Transición Xusta](#) -herdeira da antiga Plataforma de rexións dependentes do carbón- como punto de acceso a información relevante sobre a transición verde, facilitando o intercambio de coñecementos e boas prácticas e proporcionando asesoramento técnico ás rexións europeas e ós EEMM

Tamén fixo referencia ao **Programa LIFE** como instrumento complementario de financiamento, encadrado dentro do Marco Financeiro Plurianual 2021-2027 e que recolle un orzamento adicional de transición enerxética limpa de 1 000 millóns euros. Pola súa banda, este programa ten un carácter centralizado, competitivo e anual, polo que as convocatorias de propostas son xestionadas directamente pola Comisión Europea. A próxima convocatoria lanzarase ao longo de 2021.

Por último, referiuse ao proxecto portugués [Green Flamingo](#) como modelo de proxecto que a Comisión Europea está disposta a financiar, ao tratarse da conversión dunha central térmica nunha central de hidróxeno. Ademais, o proxecto tamén implica unha adaptación do porto de Setubal para convertelo nun centro exportador de enerxía de hidróxeno ao resto de Europa.